

Javier Solana de Madariaga galardoado con el XXV Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2021 – O xurado do XXV Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia concede o galardón ao exministro español de Cultura Javier Solana de Madariaga pola “súa actuación en favor dos principais fitos da ruta xacobeá”, entre os que sobresa a cerimonia organizada en 1987 con motivo da declaración do Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo por parte do Consello de Europa. Ademais, os membros do xurado destacan no seu fallo o seu “permanente compromiso social” e a súa traxectoria internacional, ao longo da cal contribuíu ao “desenvolvemento dos valores europeos da cooperación, integración, diversidade, tolerancia e unidade que rodean” á ruta de peregrinación.

Ao comunicarlle a decisión, o premiado declarou que “sempre mantivo unha relación especial con Santiago, a cidade e o Camiño”. Asemade, manifestou o seu desexo de que “Santiago continúe sendo un lugar tranquilo, de conversación serena e de paz”. Cabe recordar que percorreu as distintas rutas do Camiño durante máis de dúas décadas, tanto a pé como en bicicleta.

A celebración da cerimonia de entrega está prevista para o 13 de setembro no marco da XXV Asamblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, que este ano organizará a Universidade de Santiago de Compostela. Nesta cerimonia recibirá unha cuncha de ouro, emblema da rede de institucións de Educación Superior, e un premio en metálico de 6.000 euros brutos.

Perfil del galardoado

Francisco Javier Solana de Madariaga é un político e diplomático español cunha notoria traxectoria no eido nacional e internacional. Foi ministro de Cultura de España (1982–1988), de Educación e Ciencia (1988–1992), e de Asuntos Exteriores (1992–1995). Ademais de secretario xeral da OTAN (1995–1999), Alto Representante de Política Exterior e de Seguridade Común da Unión Europea (1999–2009) e Comandante en Xefe de la EUFOR (1999–2009).

En canto á súa carreira académica, Javier Solana é doutor e catedrático en Ciencias Físicas pola Universidade Complutense de Madrid (España). Tras obter a licenciatura nesta universidade, continuou a súa formación no Reino Unido e Estados Unidos de América, onde realizou os seus estudos de posgrao.

Actualmente preside EsadeGeo–Centro de Economía e Xeopolítica Global de ESADE, o Real Padroado do Museo del Prado, Aspen Institute España, e a comisión executiva do Instituto

de Saúde Global Barcelona. Tamén pertence aos padroados da Fundación Bancaria La Caixa e a Fundación Telefónica.

Composición do xurado 2021

A reunión do xurado do XXV Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, estivo presidida polo secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro, en delegación del conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez González.

Deste xurado forman parte igualmente as seguintes autoridades:

- O secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo Suárez.
- O presidente do Grupo Compostela de Universidades, Marek Kręglewski.
- O reitor da Universidade de Santiago de Compostela (España), Antonio López Díaz.
- A reitora da Universidade Jaume I (España), Eva Alcón Soler.
- O doutor Dermot McCluskey, actuando en delegación do reitor da Universidade Anáhuac Xalapa (México), Luis Linares Romero.

A secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera, exerceu como secretaria do xurado.

Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia instituíuse en 1996 a raíz da firma dun acordo entre o Grupo Compostela de Universidades (GCU) e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para a súa creación.

Desde a súa primeira convocatoria en 1997, este recoñecemento foi outorgado a persoeiros como Jacques Santer (1997), Vaclav Havel (1998), Carla del Ponte (2001) ou Mohamed AlBaradei (2010). Ademais de distinguir o labor desenvolvido por institucións como a iniciativa Helsinki Group of Women and Science (2006), a institución académica Colegio de Europa (2012) e o programa Erasmus (2015).

El Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, recoñecida como entidade de utilidade pública, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da Educación Superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos da rede comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.